


2.º premio do VIII Concurso literario *Mazarelos* (2022)

Jennifer Torres Mira

# Na beira do Leteo





*Na beira do Leteo*

Abro os ollos e o primeiro que sinto é medo. Estou deitada nun leito de sabas brancas rodeada de cables e aparellos. Non sei como cheguei aquí. Á esquerda hai unha ventá dende a que se pode ver o mar distante como fíos de azul e prata brillantes baixo o sol. Recórdame a miña infancia en Muros, cando meu pai me levaba a pescar na chalana pola ría. Cebabamos os anzois coas miñocas que apañáramos o día anterior e levabamos o peixe para a casa xusto a tempo de que a miña nai o cociñase para a cea. Non obstante, agora vivo en Compostela e dende a miña casa non se ve a costa. Non sei onde estou.

Esa paisaxe que outrora puidera transmitirme calma, neste instante tan só me produce terror. Intento moverme e non podo. Hai unhas fitas grosas que me atan os pulsos e os nocellos. Non sei quen me atou e tampouco por que. Valoro a idea de estar secuestrada. Houbo unha época en que a miña nai quedaba sempre preocupada de que me raptaran cando saía da casa, como dicían nos periódicos que levaban os nenos doutras zonas do país. E, aínda que xa non son unha cativa, paréceme unha explicación plausible para a estraña situación na que me atopo. Intento forcexar, pero doume conta de que estou exhausta. Dóeme todo o corpo, coma se en lugar de vinte e catro anos tivese oitenta. Non sei canto tempo levo aquí.

Intento espertar os meus músculos, delgados baixo o camisón frouxo, e fago o meu mellor esforzo por me soltar. De repente, a porta do cuarto ábrese e entran dous descoñecidos. O home é alto e vai vestido cunha bata branca desabotoada, que deixa entrever a camisa elegante e o pantalón de traxe que leva por debaixo; e a muller, que debe ter a idade de miña nai, leva vaqueiros e unha camiseta de mangas longas, que retorce entre os dedos con nerviosismo. Coñézoa, estou segura. Así a todo, por moito que intente seguir o fío desa idea na miña mente, non consigo lembrar onde a vin antes.

Inicialmente, ambos os dous me miran con preocupación dende a súa posición. Non obstante, a

súa expresión tórnase seria ao pousar os seus ollos na miña man intentando desagarrar a banda que me aprisiona nesta cama.

–Mariña, non tente escapar de novo. Se a atamos foi polo seu ben –di o home cunha voz queda e firme mentres se achega–. Apártome del tanto como me permiten as fitas arredor das extremidades, que me deixan indefensa ante os meus raptores. A muller permanece aos pés da cama calada e cunha expresión de tristura na mirada. Sigo sen saber onde a vin antes e non acordarme vai volverme tola.

–Sóltenme! Non quero estar aquí! –esixo.

–Iso non vai ser posible polo momento –responde el–. Estamos rematando de lle facer unhas probas e en canto teñamos os resultados poderá volver á casa. Acórdase de min? Son...

–Que probas? Non quero que me fagan probas! Déixenme marchar! –interrómpoo. Ao momento intento soltarme, de novo sen éxito, mentres a miña voz comeza a elevarse coa desesperación–. Vostedes non poden reterme! Chamen os meus pais para que me leven á casa!

–Mariña, eles non van vir –afirma mentres me pon unha man no ombreiro con delicadeza. Coma se me coñecese. Coma se me comprendese. Sinto a carraxe crecer no meu interior.

–Non me toque! Déixeme! Socorro! Que alguén me axude! –berro ao tempo que continuo co forcexo.

O home alto fai un xesto cara á porta e, ao instante, unha muller nova vestida con pixama amarelo entra cunha xiringa na man. Míroa con espanto e tento recuar con todas as miñas forzas, pero é inútil. As bandas grosas máncanme cada vez que retorzo as mans para as desatar e, lonxe de acadalo, o único que consigo é facer sangrar as chagas a punto de cicatrizar que cobren os meus pulsos.

A nova cómplice achégase ao contagotas que está á miña dereita, conectado a unha vía que teño infiltrada no dorso da man e da cal non me decatara ata o momento. Sen máis, inxecta o contido da xiringa no contagotas e vexo como o líquido comeza a fluír cara ao meu corpo. Invádeme o

pánico. Intento arredar o brazo. Arrancar a vía. Fuxir.

Pero é imposible. Atada como estou só me queda resignarme a recibir a droga que imaxino que me acaban de administrar cos brazos abertos, literalmente. Conforme o fármaco se vai mesturando co meu sangue comezo a sentir as pálpebras pesadas e o corpo máis cansado do que estivera ao espertar. E, mentres se van cerrando os ollos pese aos meus esforzos por manterme alerta, percibo de forma borrosa unha figura que se achega e me colle da man. Como acto reflexo quero apartala e intento enviar a orde ao meu brazo para que se retire. Porén, os meus músculos cada vez pesan máis e responden menos.

Entón, para a miña sorpresa, o tacto desa man resúltame familiar. A suavidade da pel e a calor, os calos case imperceptibles na palma, a firmeza delicada coa que me suxeita. Unha tenrura descoñecida éncheme o corazón e bágoas involuntarias humedécenme os ollos ata que, instantaneamente, volvo á escuridade.

Cando esperto é de noite e estou soa. A negrura converte o cuarto nunha estancia arrepiante e fai que recorde aquela vez en que, aos trece anos, fora cos meus amigos do instituto a acampar a unha praia da Costa da Morte de cuxo nome non me lembro. Aquela posta de sol fixérame sentir viva e inmortal, pero a noite sen lúa encollérame de frío e soidade o corazón. Respiro fondo. Sinto o corpo anestesiado e a cabeza completamente trancada. Con todo, a miña mente bérrame o mesmo pensamento unha e outra vez: fuxe.

Intento mover os brazos, pero volvo dar coas ataduras. Movo as mans con coidado de non facer ruído e percibo que a fita que recobre o meu pulso esquerdo está un pouco frouxa. Vexo a oportunidade e non considero desaproveitala. Amodo e facendo toda a forza de que son capaz aperto a man ata que consigo pasala polo pequeno espazo da banda. Con ela ceiba, desato o resto das miñas extremidades pouco a pouco, paseniño, sen facer un só murmurio que me delate durante a miña fuga.

Libre por fin dos amarres, arranco a vía que teño cravada na man dereita e levántome da cama

amodo, sentindo como o cambio de postura me produce un certo esvaecemento momentáneo. Achégome á fenda da porta e vexo, ao lonxe, unha muller vestida de amarelo sentada nun escritorio completamente concentrada na pantalla de ordenador que ten diante.

Valoro as miñas posibilidades. Á dereita hai un corredor que non diviso por completo, cun cartel que, entre outras cousas, indica unha saída. Paréceme a mellor opción, así que achego a man ao pomo da porta e, de repente, coma se tocase unha pota fervendo, retíroa no instante en que a muller se levanta da cadeira. Escóndome a un lado da porta, mirando de esguello a súa traxectoria e aventurando como reaccionar se me atopa tentando escapar. Aínda son nova, así que podería saír correndo de ser necesario. Así, mentres trazo múltiples plans de continxencia para levar a cabo a fuga, observo como a muller dobra unha esquina e se mete nun cuarto ao final do corredor. Esta é a miña!

Todo acontece moi rápido. Agarro o pomo da porta, que xira coma un resorte na miña man, abríndose á liberdade. Saio con paso rápido, pero non corro para evitar chamar a atención. O corredor está baleiro e iso fai que acougue un pouco, pero o meu corazón segue bombeando tan forte que podo escoitalo, coma o tic tac dun reloxo na conta atrás cara á salvación. Camiño sen pausa e, de socato, soa un teléfono. Métome rapidamente no primeiro cuarto que atopo e pecho a porta, deixando a orella pegada para escoitar o que acontece fóra. Sinto os pasos rápidos daquela muller, que non consegue chegar a tempo antes de que se corte a chamada.

–Diga? Ola? –pregunta polo auricular, pero ao outro lado xa non hai ninguén–. Ben, xa volverán chamar –di polo baixo e colga–. Agora mesmo lle levo a medicación, Avelino! – exclama en dirección ao cuarto do que saíra correndo.

E os pasos desaparecen de novo na distancia. Vía libre. Dispóñome a saír do que identifico como un baño cando, de súpeto, me dou conta de que non estou soa. Unha anciá vestida cun camisón mírame aos ollos cando viro a cabeza. Coma se vise o mesmo demo, un arrepío córreme polas costas e, sen chegar a vela enteira, abro a porta e apuro o paso para saír antes de

que a vella me delate.

Dobro varias esquinas seguindo os carteis de “saída” e pronto vexo unhas portas de cristal que dan ao exterior, onde a negrura da noite se tingue de dourado grazas ás luces dos farois. Mira que me gustaban as luces cando era pequena. Sempre ía da man de meus pais a ver as rúas e o peirao engalanados de lámpadas amarelas durante as festas da vila. Despois comprábanme garapiñadas e viamos como os fogos artificiais alumeaban as augas coas súas explosións de cores. De golpe, o paso apresurado duns homes empurrando unha padiola espértame das miñas fantasías. Fuxir, iso é o que estaba a facer.

Aproveito que están entretidos e, movéndome con coidado por detrás dun carriño que atopo no corredor, consigo saír fóra. Sinto como o aire frío e húmido nos pulmóns me fai revivir, e o cheiro dos piñeiros invítame a seguir adiante. Libre por fin, camiño a paso rápido cara ao monte que vexo á dereita e non me deteño ata que perdo de vista as luces do edificio. Entón doume conta de que non sei cara a onde debo tirar. Na escuridade todas as árbores parecen iguais e todas as direccións parecen a correcta. Decido seguir o que determino coma unha liña recta. Camiño sen pensar e, canto máis camiño, máis perdo a noción do tempo que levo camiñando. Non sei a onde me dirixo nesta noite tan longa. Só quero ir cos meus pais.

Entón escoito as ondas romper contra as rochas e recordo aquela vez que Antón atrapara un cangrexo entre as pedras da praia cunha pinza de tender a roupa. Fora unha fazaña da que presumira durante moito tempo e eu, como a súa mellor amiga que era, sempre estaba alí para corroborar a veracidade daquela historia que a el lle gustaba maquillar un pouco para impresionar. Por algunha razón, lembrar esa anécdota prodúceme unha alegría apesurada e teño ganas de chorar por un baleiro que sinto no corazón e non entendo.

Fuxir, iso é o que estou facendo.

Decido seguir a liña da costa e vexo o mar bravío á beira do monte. Avanzo sen pensar en nada ata que me dou conta de que onde rematan as augas se ve unha pequena luz. Entón, prodúcese o

espectáculo incomparable do amencer ante os meus ollos, unha obra divina de pinceladas azuis e rosas que se mesturan entre o Sol e o ceo para quen, fascinada coma min, poida velo dende o mundo terreo.

Ao atopar un pequeno banco, que mira cara ao horizonte, decido sentar. As miñas articulacións xa comezan a se resentir despois de horas camiñando. Permanezo queda o que me parece un tempo curto e, de súpeto, a aparición dun neno provoca que me sobresalte, facendo que o meu corazón lata a gran velocidade outra vez. Tras o susto inicial, fíxome no cativo de pelo crecho e loiro, que parece ter arredor dos dez anos. Cando se decata de que o observo, mírame estrañado mentres suxeita unhas cunchas entre as mans e, ao instante, os seus olliños da cor do café de pota convértense nunha fina liña conforme un sorriso se lle debuxa na face.

–Que levas aí, cativo? –pregúntolle sabendo a resposta de antemán.

–Cunchas –contesta espelido abrindo a man para mas ensinar–. Apañeinas na beiramar hai un anaco coa miña nai. Facemos competicións para ver quen atopa máis.

–E quen gaña?

–Eu, claro –responde con fachenda.

– Si? –pregunto con incredulidade esaxerada–. Non sei eu se te crer...

–Pregúntelle a miña nai! Xa verá! Aí a ven! –exclama ao ver unha muller duns trinta anos achegándose–. Mamá! Mamá! Esta señora non cre que gañase eu o xogo das cunchas! Dillo ti!

–Gañaches ti! Claro que si! –confirma ela mentres lle despeitea con agarimo os cabelos que lle caen pola fronte–. Desculpe que o meu fillo a molestase –escúsase mirando cara a min–. Imaxino que terá netos, xa sabe como son os nenos.

Míroa apampada mentres na miña cara aparece un sorriso pouco amable co que pretendo ocultar a miña irritación sen o conseguir. Netos? Pero esta rapaza está tola ou que? Netos coa miña idade? Pero se nin sequera pensei en ter fillos polo momento. O que hai que oír.

–Non pasa nada –digo mentres me levanto apresurada para marchar. Por algunha razón a



situación comeza a resultarme incómoda e sinto que algo non está ben-. Ata logo!

-Espere un momento, señora -a súa expresión cambia e analízame de arriba a abaixo-, necesita axuda? -pregunta con cara de preocupación.

-Non! Estou perfectamente! -rexéitola molesta e voume apurando o paso coa impresión certa de que este encontro vai truncar os meus plans de escapada. E o presentimento acentúase cando escoito chamar polo teléfono mentres a súa mirada penetrante se crava coma un coitelo nas miñas costas.

Xa non vexo por onde vou, só quero correr e que ninguén me atope. Así, cega na miña fuxida, tropezo cunha pedra e caio a tombos por un pequeno terraplén. Con isto non contaba. Tardo un anaco en me levantar e, ao facelo, noto que o nocello se resente. Aquel estalo que escoitei ao caer debín ser eu e non unha póla seca como pensei nun primeiro momento. O que me faltaba. Unha vez en pé, doume conta de que teño que reducir o paso e iso preocúpame. E se xa me están seguindo?

Consigo avanzar uns metros cara ao que parece o aparcadoiro dunha praia, pero teño que parar a descansar nunha pedra antes de chegar. A dor do nocello sóbeme pola perna e non parece partidaria dun armisticio posto que o que pensaba que só era unha torcedura resulta estar acompañado dun corte amplo que cruza o meu xemelgo dereito por detrás.

Permanezo sentada un tempo que me parece moi longo e de súpeto o meu plan mental de fuxida esvaécese. Xa non recordo de que estaba escapando, pero agora estou perdida e quero que meus pais me veñan buscar. As bágoas comezan a brotar dos meus ollos coma se fose unha cativa e abandónome ao sentimento que me inunda a alma. Entón doume conta de que levo unha enorme tristura afundida no corazón, unha tristura esquecida que non consigo lembrar. E choro todas as bágoas que non recordo.

Ao pouco, vexo un coche con luces de cor azul alumeando no teito. Deixo de chorar mentres vexo como aparca preto de onde me atopo. Xa non quero escapar. Permanezo queda mentres

vexo como do coche baixan dous axentes e se dirixen cara a min. Conforme se achegan e conseguen ver o sangue que escorrega pola miña perna, botan a correr na miña axuda.

–Señora, está ben? Mancouse? –pregunta o máis novo abaixándose para examinar a miña extremidade mentres o outro chama polo teléfono.

–Atopámola. Ten un corte ensanguentado na perna, así que necesitamos unha ambulancia decontado. Grazas –resume de forma breve. O rapaz máis novo levántase e vai correndo ao coche. Colle un paquete pequeno e volve dando grandes zancadas.

–Tome, Mariña, que está tremelicando –e ponme unha manta térmica por riba. Nin sequera me dera conta de que tiña frío.

–Como sabe o meu nome? –pregunto curiosa.

–Denunciaron a súa desaparición do hospital esta noite, levamos horas buscándoa.

–O hospital... Entón aquel home da bata branca... Non pode ser! Eu non teño ningunha enfermidade, estaban reténdome contra a miña vontade e non querían avisar os meus pais! – exclamo nerviosa, sabendo que el non me cre.

–Cálmese, Mariña –di con mágoa na mirada–, en canto chegue a ambulancia explicaranlle todo. Quedo envolta naquela manta, que parece o aluminio co que se envolven os bocadillos, mentres os dous axentes me vixían. Papel de prata reflectindo o mar, que bate nas rochas facendo espuma preto de onde estou. Pérdome nesa visión ata minutos despois, cando o vehículo de emerxencias entra en escena e para a carón do coche policial. Os sanitarios saen correndo e axúdanme a moverme ata me sentar na padiola, onde rapidamente comezan a facerme as curas da perna. A pesar do sangue que parecía emanar da ferida, ao final resulta ser un corte superficial. Unha vez rematan e coa vendaxe posta, permanezo sentada á espera, segundo me din, do meu médico e da miña familia.

Por primeira vez dende que isto comezou, acceden a traer os meus pais, así que agardo contenta a que cheguen, observando o panorama que me rodea. Dous sanitarios falan cos policías e

míranme de través aos poucos, namentres outro se mantén preto de min, preguntándome de vez en cando se necesito calmantes para a perna ou se sigo tendo frío.

Entón véxome. A imaxe reflectida nun dos cristais tinxidos do coche policial devólveme unha expresión desconcertada. Esa visión borrosa e con pouco detalle debuxa o meu pelo nacarado e a bata de hospital que cobre o meu corpo delgado baixo a manta prateada que me mantén a temperatura. As engurras espállanse pola miña cara coma as ondas polo mar. Recoñezo a imaxe que me mirou aos ollos naquel cuarto do hospital no que me metín cando fuxía. Non era unha anciá descoñecida, tan só era eu no espello. E entón doume conta de que non vou ver os meus pais nunca máis.

Nese preciso instante, un coche escuro aparca cunha freada ao lado da ambulancia e a muller que vira co doutor no hospital baixa do vehículo cos ollos vermellos e inchados de chorar. Entón recoñézoa porque sei que outrora limpei esas bágoas que agora caen por min. A miña pequena, agora convertida nunha muller preciosa, corre ao meu encontro e abalánzase sobre o meu corpo vello nunha aperta que me esperta o corazón.

–Mamá!

E, coma se dunha fórmula máxica se tratase, esa sinxela palabra fai aparecer un monte de imaxes na miña cabeza. Momentos esquecidos da nena que fun, do nerviosismo o primeiro día de colexio e do primeiro da universidade; de bicos namorados, dun vestido de noiva manchado de lama por bailar descalza na herba mollada; das coroas de flores adornando o mar por un amigo querido que pereceu; da ledicia da vida ao coller a miña filla en brazos por primeira vez e a dor da morte de quen me deu a vida a min; de paseos en barco e dos fíos de prata que do mar pasaron aos cabelos; das benvidas e as despedidas, da palabra ‘avoa’ mal pronunciada entre as enxivas dun neto pequerrecho e do arrecendo das filloas nas tardes despois da escola; da consulta do médico, do temido alzhéimer, da dor reflectida nos ollos dos que quero e, sobre todo, do terrible medo a esquecelos.

E todo iso ocorre en menos dun segundo. Aperto a Naia contra min e quero dicirlle que a quero, pero acábaseme o tempo. E de novo apágase a luz e desaparezo na escuridade do esquecemento. E coas miñas lembranzas esvaécese un ‘quérote’ que nunca pronuncio, un ‘quérote’ que Naia non escoita, un ‘quérote’ que xa non recordo. E o sentimento sae de min envolto nunha bágoa que me esvara pola meixela, coma un regato feble atravesando a canle de engurras dun tempo que xa non podo lembrar, ata perderse nas augas do Leteo no cal afundo sen remedio.

–E ti quen es, rapariga? –pregunto. E a muller, que por un momento parecía estar aguantando a respiración, apértame máis forte e comeza a chorar.